PROSPECTO MEL CON LIMÓN

Lea todo o prospecto detidamente antes de empezar a tomar o medicamento.
-Conserve este prospecto. Pode ter que volver a lelo.
-Se ten algunha dúbida, consulte ao seu médico ou farmacéutico.
-Este medicamento foille receitado a vd. persoalmente e non debe vd. pasarllo a outras persoas. Pode prexudicar aínda cando os seus síntomas sexan os mesmos que os seus.

MEL CON LIMÓN

Descrición química

Mel:
Cada 100g:
-75’1g de “Hidratos de carbono”
(AZÚCRES: glicosa, sacarosa, levulosa e gomas naturais).
-24’5g de auga (ou humidade).
-0’38g de proteínas.
En outras cantidades (mg):
-SALES: [Ca (calcio), Fe (ferro), Na (Sodio), K (Potasio), P (Fósforo),I (Iodo)].
-VITAMINAS: (B1, B2, B12, C)

Limón:
Cada 100g:
-91’2g de auga.
-4’7g de Fibra.
-3’16g de hidratos de carbono
(Azúcres: glicosa)
-0’69g de proteínas (Albumina)
-0’3g de graxa (mucílago)
En outras cantidades (mg):
-SALES: (K, Ca, Fe).
-VITAMINAS: (A, B1, B2. B5, B9)
-ÁCIDO CÍTRICO.

Titular e fabricante

A humanidade segundo unha receita tradicional.
As abellas e os limoeiros.

- **Que é o mel con limón e para que se emprega?**

O mel con limón é un produto natural, que nos ofrecen as abellas e os limoeiros.
Este produto é un efecto bactericida, inmunoestimulante, antipirético e antioxidante.
Este medicamento tan usado antigamente nas casas dos nosos antepasados, cicatriza as úlceras, alivia e é beneficioso para as dores de gorxa, como a larinxite, farinxite, gripe e outras doenzas similares.

- **Cómo usar o mel con limón?**

- **Como se prepara?**

Pódese preparar de dúas formas diferentes. A primeira consiste en espremer un limón, engadirlle mel e revolver, e xa está listo para tomar. A segunda prepárase cortando un limón en rodaxas moi finas, estendendo unha capa de mel por riba e deixando repousar ata o día seguinte.

- **Como se administra?**

Administrase por vía oral.

- **Doses que hai que tomar:**

Tomase unha ou dúas culleradas pola mañá e outras pola noite. Se se prepara en rodaxas, deben inserirse dúas ou tres pola mañá e outras tantas pola noite.

- **Efectos secundarios:**

Ardor de estómago

- **Contraindicacións:**

Este produto está contraindicado para os diabéticos y e os alérxicos a calquera dos compoñentes.